

CIRCULAR

MAGOSTO e SAMAÍN

Ola a todos e todas! Como xa sabedes, acércase a celebración do **Magosto** e do **Samaín**, que terá lugar o mércores 30 de outubro.

Queremos manter as **nosas tradicións** e, como en anos anteriores, realizaremos a exposición de **CABAZAS, COLARES DE ZONCHOS** e **CENTROS DE OUTONO** (este curso será soamente exposición, como xa fixeramos no curso pasado, non concurso). Poden traerse ao centro a partir do luns 21 coa idea de ter todos os traballos na escola para o mércores 30, que será o día da nosa celebración. Todos os traballos presentados **deberán identificarse cun carteliño** onde apareza claramente o nome do autor ou autora e o curso ao que pertence, para poder devolvelos se os alumnos e alumnas queren retiralos. Ademais, nese carteliño gustaríanos que houbera un refrán, un retrouso dunha canción, algún pequeno texto de tradición oral referido ao outono ou ás festas do Magosto e do Samaín (este curso o proxecto de centro está dedicado ás tradicións galegas e, sobre todo, á tradición oral).

IMPORTANTE: Lembrámosvos que cada neno ou nena deberá traer unha **presíña de castañas picadas** (LEMBRADE PICALAS, POR FAVOR) o luns 28 a máis tardar, pois o martes 29 xa teñen que saír parte das castañas para o forno onde nolas van asar. Con todas as castañas recollidas faremos o Magosto.

AGRADECEMOS á **ANPA** a colaboración na celebración da festa e o traballo dos pais e nais que ese día nos acompañarán na escola para axudarnos no reparto da comedela.

Por suposto, **os/as nenos/as poden vir disfrazados o día 30**. A idea da festa do Magosto e do Samaín é recuperar a nosa tradición e evitar a parte máis americana da festa, por iso suxerimos ás familias que os disfraces sexan omáis galegos posible, con personaxes de druída, santa compañía, mouras, meigas... relacionados coas lendas e as tradicións galegas, evitando sangue e personaxes máis macabros, propios de películas de terror.

Grazas a todos pola vosa colaboración.